



TORRES SAT. VIMIANZO (A CORUÑA)



Roberto Moreira

Un lugar moi colorista

Falamos de colorista e non o facemos de xeito figurado, xa que nos referimos ao aspecto da fachada desta gandería coruñesa, na que imperan as cores fortes mesturadas con outras que simbolizan o mundo frisón e da produción de leite.

Localización: Castro-Salto, Vimianzo (A Coruña)
N.º total de animais: 340
Vacas de produción: 156
Empregados: 2
Media de produción: 11.240 kg vaca/ano (2016)
Porcentaxe de graxa: 3,91 %
Porcentaxe de proteína: 3,28 %
RCS: 104.000 cel./ml
Superficie agrícola: 75 ha
Media de doses de seme por preñez: 2
Taxa de preñez: 43,83 %
IPP: 402,76 días
Prezo do leite: 0,30 €/l (prezo base)

Roberto Moreira López e os seus pais Ramón e Margarita son os propietarios da explotación láctea Torres SAT, situada na parroquia de Salto, no concello coruñés de Vimianzo.

A SAT foi creada no ano 2005, ao incorporarse Roberto de xeito oficial á granxa familiar, un negocio que xa iniciara o seu avó e ao que lle deu continuidade o seu pai despois de volver da emigración en Suíza en 1978.

Nun comezo o establo estaba debaixo da vivenda, o habitual naquela época, ata que en 1989 fixeron unha nave de estabulación libre pegada á casa. Así traballaron ata 2005, cando decidiron saír da aldea e establecerse nas aforas, onde seguen tendo as instalacións na actualidade.

O avó de Roberto tiña unhas dez vacas frisonas cando Ramón tomou as rendas. “Meu pai é fanático da xenética e sempre trouxo vacas de Alemaña. Logo tamén fomos aumentando a base de mercar animais en granxas que ían botando o peche e en poxas”, explica. A situación cambiou de hai dous anos a esta parte, xa que, ao utilizar seme sexado, dispoñen da recría suficiente e xa non compran de maneira habitual: “Unicamente algún animal puntual que lle guste a meu pai nalgunha poxa, pero, agora mesmo, co que recriamos temos suficiente”.

O rabaño actual ascende a 340 animais, dos que 156 son vacas de produción. A media da última campaña, segundo datos de Africor Coruña, foi de 11.240 kg de leite vaca/ano, cun 3,91 % de graxa e un 3,28 % de proteína. O recuento celular mantense en valores próximos ás 100.000 cel./ml.

Na explotación traballan catro persoas e as tarefas están medianamente establecidas. Roberto coordina todas as actividades, aínda que o seu pai se encarga especificamente dos aspectos xenéticos. Teñen dous empregados a tempo completo, un orientado ao manexo dos animais e o outro á maquinaria, e cómpre destacar tamén a colaboración da nai nos labores de muxido.



AS CLAVES DA ALIMENTACIÓN

En Torres SAT elaboran catro racións *unifeed* distintas para os seus animais: unha para as vacas de alta produción, outra para as de baixa, unha terceira para as secas e a última para as xovenas a partir de 7 meses.

As vacas que producen por enriba de 35 litros diarios reciben unha mestura composta por 30 kg de silo de millo, 9 kg de silo de herba, 6 kg de gran húmido de millo, 5 kg de colza, 2 kg de núcleo e medio kg de palla.

A ración de baixa produción difire da anterior unicamente no quilos de silo de millo, xa que esta leva 27, e nos de gran húmido e nos de colza, que neste caso leva 4 kg de cada.

A ración de vacas secas inclúe 9 kg de silo de herba, 7 kg de silo de millo, 6 quilos de palla e 1 kg de colza, e a das xovenas leva 12 kg de silo de herba, 5 kg de silo de millo e 1 kg de colza.

As racións fanas e distribúenas unha vez ao día, excepto a das vacas secas, a cal elaboran cada segundo día. Roberto di que intentan mantelas o máis estables posible ao longo do ano.

A maior parte dos alimentos prodúcenos na explotación, a pesar de que a terra “está cara e hai pouca”, tal como asegura o propietario.

Na actualidade manexan unhas 75 hectáreas –35 en propiedade– nun raio de 12 km con gran separación entre as fincas. Os cultivos principais son a herba –raigrás mesturado con trevo– e o millo, que sementan en 60 ha. “Utilizamos ciclos 400 ou 450. Esta zona é moi boa para o millo porque estamos preto da costa. Cando faciamos aquí o gran húmido, sacabamos uns 15.000 kg por hectárea, que é unha boa produción. Agora facemos silo con toda a

planta, pero ao segala deixamos 60 cm por abaixo porque nos parece que o que lle gusta á vaca é a folla e a parte máis verde”, manifesta.

O gran húmido de millo empezárono a cultivar eles mesmos pero, entre que ás veces se lles estragaba e outras non lles chegaba, desde hai dous anos mércano en León. “Intentamos compralo dous meses antes da recollida para conseguir mellores prezos e asegurar que haxa a cantidade que necesitamos”, comenta Roberto. Tamén compran a colza, que traen directamente do porto, unha parte da palla e, ás veces, alfalfa, en épocas nas que deciden incorporala na ración.

CUMA SALTO SCG

O servizo do carro préstallelo a cooperativa de utilización de maquinaria agrícola á que pertencen, Salto SCG, da que son socios fundadores. Entre as particularidades desta CUMA está o sistema de cobro por tonelada cargada no carro en vez de por tempo. Así explica Roberto o porqué deste funcionamento: “Cando se empezou na CUMA funcionaba por tempo e víase que, como se pagaba por minuto, o gandeiro non facía ben as cousas, xa que as facía moi rápido. O carro ten sempre uns gastos fixos e canto máis se apuraba o traballo máis había que incrementar o minuto. Entón, ao gandeiro que facía as cousas ben e lle daba os seus minutos de picado saíalle moi caro o servizo. Por iso se cambiou o sistema e agora o 70 % cóbrase por tonelada cargada e o 30 % restante por minuto. Deste modo, a xente non se apura tanto e fai ben o traballo, que era o que se intentaba mellorar”.



Deste orixinal xeito lles achegan a comida aos animais



Chourizo de gran húmido de millo

O único empregado da CUMA é o condutor do carro mesturador, que se mantén no posto desde o seu inicio hai uns 15 anos. O resto da maquinaria que comparten –dúas cubas de xurro, un brazo para limpar os valados e unha máquina para triturar a herba das pradeiras– manéxana os socios directamente respectando os días que lles tocan a cada un.

Os apeiros agrícolas, en cambio, téñenos en propiedade. “Nós encargámonos de todo, de arar, de sementar... excepto de recoller o millo e a herba, para o que chamamos a unha empresa de servizos que nos vén facer o traballo”, aclara. »

Para as camas empregan unha mestura de serraduras e carbonato



INSTALACIÓNS, LOTES E MANEXO

A primeira nave, que alberga a sala de muxido, data do ano 2005. Nela teñen o lote de baixa produción, as secas e as xovencas próximas ao parto. En 2013 dobraron as instalacións con outra nave pegada á inicial e na que agora aloxan o lote de alta. O seu proxecto a curto prazo é facer unha nova ampliación destinada á recría para poder prescindir definitivamente do establo vello que teñen na casa.

Os establos están construídos en formigón. O máis antigo ten teito de uralita, mentres que na ampliación de 2013 se decantaron polo panel sándwich, con cuxos resultados están moi contentos: “Creo que é unha boa opción, de feito, a curto-medio prazo tamén cambiaremos o teito da outra nave, xa que o panel sándwich dá moita menos calor no verán”, expresa este gandeiro coruñés.

Dispoñen dun total de 196 cubículos entre as dúas naves. Desde hai cinco anos, para as camas empregan unha mestura de serraduras con carbonato.

“A mestura facémola nós nun carro antigo que antes utilizabamos para facer a comida e agora usamos para encamar, e todos os venres enchemos os cubículos. Antigamente utilizabamos cascarilla de arroz, pero íasenos un pouquiño de prezo e optamos polas serraduras e, de momento, non temos problemas”, asegura.

Na nave nova teñen unha área para o posparto, na que están as femias entre un e dous días en función da súa evolución despois do parto. Roberto destaca as múltiples vantaxes deste lote: “Acostúmanse ao sitio e aos olores, xa que veñen doutra nave e, ao estar separadas, o resto das vacas non lles poden pegar nin hai competencia no comedoiro... Notamos moita diferenza e funciónanos moi ben”.

O muxido fano dúas veces ao día –ás 07.15 da mañá e ás 18.30 da tarde– nunha sala de espiña de peixe de 14 puntos. Para esta tarefa están sempre dúas persoas e a súa duración aproximada é de dúas horas e cuarto.

► NA NAVE NOVA TEÑEN UNHA ÁREA PARA O POSPARTO, NA QUE ESTÁN AS VACAS ENTRE UN E DOUS DÍAS EN FUNCIÓN DA SÚA EVOLUCIÓN DESPOIS DO PARTO

Para a limpeza dos patios utilizan o sistema de arrobadeira arrastrada automática, que teñen programada para que pase cada catro horas. Nas instalacións novas o xurro é almacenado nunha fosa de formigón tellada, dado que na zona chove moito e, se non, perderíanse as súas propiedades fertilizantes; no establo vello dispoñen doutra fosa para as dexeccións da recría. A capacidade total é de 1.800.000 litros, aínda que Roberto apunta que se lles está quedando pequena.

Tamén teñen construídos varios silos de formigón tanto para o millo como para a herba.

CERTIFICADOS DE CALIDADE DO LEITE E BENESTAR

Esta explotación conta coa certificación de Aenor de benestar animal desde o ano pasado, a cal garante, entre outros aspectos, boa alimentación, bo aloxamento, boa saúde e un comportamento adecuado dos animais. Este certificado súmase ao de calidade do leite e boas prácticas que xa tiñan anteriormente, o cal lles exige cumprir numerosos requisitos, como estar en posesión do carné de manipulador de alimentos ás persoas que moxen, ter en regra as fichas técnicas de todos os produtos que empregan na explotación, facer análíticas periódicas da auga e un control das teteoiras, non superar as 200.000 células/ml etc. ►►

Utilizan un sistema de pinzas para saber os litros de leite que lle teñen que dar a cada xata



► A EFICACIA DO SEME SEXADO LEVOUNOS A TER NA ACTUALIDADE UN EXCESO DE RECRÍA QUE, QUIZAIS, VAN TER QUE VENDER, XA QUE NOS SEUS PLANS A CURTO PRAZO NON ENTRA A POSIBILIDADE DE INCREMENTAR O NÚMERO DE ANIMAIS DE PRODUCCIÓN

MANEXO DA RECRÍA

Cómpre destacar que, por motivos de espazo, unha parte da recría –entre o 25 o 30 %– fana no Rancho Las Nieves de Zaragoza. As xatas son enviadas para alí con 15 días e volven cando están próximas ao parto.

O resto dos animais permanecen en boxos individuais –nunha zona resgardada a carón da nave nova– ata a desteta, que lles practican aos dous meses. Despois son trasladados ao establo vello, no que teñen cama quente. Na primeira fase danlles herba seca e penso e a partir dos 5 meses submíñtranlles a ración de alta produción, á que lle engaden algo máis de palla. Con esta alimentación continúan ata que con 7-8 meses lles empezan a dar a súa ración de xovencas e así seguen ata o parto.

PLAN REPRODUTIVO E XENÉTICO

Ás xovencas practícanlles a primeira inseminación sobre os 14 meses, tendo en conta a súa estatura. Comenta Roberto que dun tempo a esta parte lles están dando máis litros de leite ás becerras pequenas para que alcancen un mellor desenvolvemento nas primeiras fases, pero puntualiza que “agora mesmo, como temos moita recría, non temos apuro e preferimos que as xovencas pairan con máis corpo”.

Para as inseminacións guíanse polos celos naturais, que detectan unicamente a través da observación dos animais. Só para casos moi puntuais empregan tratamentos hormonais. A taxa de preñez do último ano foi do 43,83 % e o intervalo entre partos é de 402,76 días.



Nena, unha filla de Armonico MB-86, é actualmente a vaca con mellor cualificación do rabaño

A eficacia do seme sexado levounos a ter na actualidade un exceso de recría que, quizais, van ter que vender, xa que nos seus plans a curto prazo non entra a posibilidade de incrementar o número de animais de produción. Así o argumenta Roberto: “Eu vexo que chegas a un punto no que, aínda que teñas máis vacas, o único que aumenta é o traballo; calidade de vida non tes máis”. Esta situación provocou que tivesen que utilizar touros de carne en vacas que, noutras circunstancias, seguirían preñando con frisóns.

Para a elección dos touros buscan calidades, é dicir, que teñan boas porcentaxes de materia graxa e proteica, ademais de ubres e patas. “Eliximos por touro, non por liña xenética. Aquel que nos gusta, da casa que sexa, collémolo. Estamos utilizando Kingboy, Mador, Premium, Silver...”.

Neste momento están empregando máis touros xenómicos que probados, pero a súa idea é volver aos probados porque “con isto da xenómica levas algún 'hostiazo' que non contabas con el”, asevera.

VENDA DO LEITE

Hai máis de dez anos que lle venden a súa materia prima a Leche Celta, empresa coa que asinan contratos de carácter anual. Na actualidade o prezo base que teñen estipulado é de 30 céntimos o quilo, ao que se lle suman as calidades e a prima de leite certificado. Ao respecto, Roberto asegura: “Eu son dos que digo que fírmolo para dez anos con estes prezos. Podían ser mellores? Si, pero tamén podían ser peores”. ■